



XUNTA DE GOBERNO

SESION ORDINARIA DE SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO

(ACTA NÚMERO 50)

Presidente:

D. Argelio Fernández Queipo

Sres. Deputados:

D. Álvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D. Lino Rodríguez Onega

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisi3ns do Pazo Provincial, sendo as once horas do d3a **sete de decembro de dous mil dezaeito**, baixo a Presidencia do Vicepresidente D. Argelio Fern3ndez Queipo por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Dar3o Campos Conde, re3nense os Sres. Deputados 3 marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria , sesi3n ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do D3a regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire 3 Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Org3nico desta Corporaci3n.

Actúa de Secretario o Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. Darío Campos Conde, e os Sres. Deputados D^a. M^a. del Pilar García Porto e D^a. Mayra García Bermúdez.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de novembro de dous mil dezaoto, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SEGURO DE DANOS MATERIAIS DESTA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA INCLUÍR AS OBRAS DE ARTE DEPOSITADAS NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO PROCEDENTES DO MUSEO DO PRADO E RAÍÑA SOFÍA.

Logo de ver a proposta da Presidencia que textualmente di o seguinte:

“Incoouse expediente administrativo co obxecto de proceder á contratación por Lotes do conxunto de seguros da Deputación Provincial de Lugo, referíndose o Lote II a contratación dunha póliza de danos materiais desta Excma. Deputación Provincial, coas características especificadas no prego de cláusulas administrativas e nos pregos técnicos, aprobados pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, celebrada con data 30 de setembro do 2016.

Unha vez realizados os trámites procedentes, por acordo da Xunta de Goberno en sesión de data 27 de xaneiro de 2017, adxudicáronse os seguintes Lotes.

“(…)



3º.- A empresa adjudicataria do “Lote II: Seguro de Danos materias”, HELVETIA Compañía Suiza, Sociedad Anónima De Seguros Y Reaseguros, comprométese a executar polas prima anuais que se indican a continuación, os contratos conforme ás ofertas presentadas, e as características especificadas no prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas aprobados pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, celebrada con data 30 de setembro de 2016.

EMPRESA	PRIMA ANUAL LOTE II: SEGURO DE DANOS MATERIAIS.	PRIMA ANUAL LOTE III:SEGURO DE FLOTA DE VEHÍCULOS
HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	33.965,73 euros	39.995,60 euros

Tendo en conta a duración do contrato os importes de adjudicación son os seguintes:

EMPRESA	LOTE II: SEGURO DE DANOS MATERIAIS. (2 ANOS)	LOTE III:SEGURO DE FLOTA DE VEHÍCULOS (2 ANOS)
HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	67.931,46 euros	79.991,2 euros

(...)”.

Na data do 30 de marzo de 2017 asinouse o contrato administrativo referente ao LOTE II: seguro de danos materiais, con entrada en vigor o 31/12/2016 ás 00:00 horas (cláusula 1ª do contrato).

O Servizo de Contratación e Fomento recibe escrito da Sección de Inventario Xeral do Servizo de Patrimonio onde solicita iniciar a tramitación pertinente para dar cobertura na póliza de danos materiais, actualmente en vigor, ás obras de arte depositadas no Museo Provincial de Lugo procedentes do Museo do Prado e Raíña Sofía, o que xustifica a necesidade desta modificación.

“(…) Recibindo con data 9 de abril de 2018 escrito procedente do MPL e asinado pola súa directora Aurelia Balseiro García, escrito no que di:

Tal como informamos no momento da recepción de comunicación do Museo Nacional do Prado (18/01/2018), sobre a Orde Ministerial (21/07/2016), pola que se formaliza a ordenación

das coleccións estatais do Museo Nacional do Prado e o MNCARS, incluíndo as depositadas con anterioridade a esa data, onde especificanse tamén as condicións relativas á póliza de seguro das obras de arte depositadas no MPL pola Institución estatal da devandita e que figuran na páxina 4 do expediente enviado no seu momento e achegado agora de novo unha vez recibida a valoración oficial actualizada na listaxe correspondente que acompaña este oficio, trasládase ao Servizo correspondente aos efectos de proceder cos trámites oportunos para realizar un certificado de seguro que inclúa as cláusulas establecidas para os depósitos por Orde Ministerial...

(...)

Achegamos orzamento e relación adxunta das obras de arte relativas a posible suplemento na Póliza de seguro de danos para incluír na suma asegurada o valor das obras de arte depositadas no MPL procedentes do Museo do Prado e Raíña Sofía.

Esta inclusión suporía unha prima ata o vencemento de 725,33 euros.”

Vista a comunicación realizada polo Director do Museo Provincial do Prado e recepcionada por esta Entidade o día 18 de xaneiro de 2018, onde expón que:

“Como probablemente conocerá o día 21 de julio de 2016 se dictó una Orden Ministerial por la que se formalizó la ordenación de las colecciones estables del Museo Nacional de Prado y del Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía. En dicha Orden , se dispuso que se ejecutara el Real Decreto 410/1995 de 17 de marzo de reordenación de las colecciones de ambas instituciones para regularizar los inventarios de los museos.

A continuación se relaciona el listado de las obras depositadas en su institución, por el Museo Moderno (1894-1968), el Museo Español de Arte Contemporáneo (1968-1988) y el Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (1988) y que, a partir de la Orden Ministerial citada, quedan adscritas a la colección permanente del Museo Nacional del Prado:

(...)

Asimismo, adjunto remito las condiciones generales que el Museo Nacional del Prado exige para la correcta conservación de sus obras en depósito, con el ruego de que nos confirme su correcta recepción.

(...)”

Lexislación aplicable.



En virtude da D.T. primeira da Lei 9/2017 de 8 de novembro que se reproduce a continuación, é de aplicación a Lei anterior, o TRLCSP, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

“Disposición transitoria primera Expedientes iniciados y contratos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de esta Ley.

1. Los expedientes de contratación iniciados antes de la entrada en vigor de esta Ley se regirán por la normativa anterior. A estos efectos se entenderá que los expedientes de contratación han sido iniciados si se hubiera publicado la correspondiente convocatoria del procedimiento de adjudicación del contrato. En el caso de procedimientos negociados, para determinar el momento de iniciación se tomará en cuenta la fecha de aprobación de los pliegos.

2. Los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se regirán, en cuanto a sus efectos, cumplimiento y extinción, incluida su duración y régimen de prórrogas, por la normativa anterior”.

O contrato que nos ocupa e cuxa modificación se propón, foi adxudicado na data de 27 de xaneiro de 2018, polo tanto, antes da vixencia da nova LCSP, aplicándose polo tanto o TRLCSP/2011.

O Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no seu artigo 107 regula as modificacións de contrato non previstas na documentación que rexe a licitación, como é o caso. No seu punto 1, indica as circunstancias e coa concorrencia delas, xustificadamente poderá modificarse o contrato. Neste caso esténdese que concorre a causa prevista na letra a) do Art. 107.1 e tamén poderá ter cabida a prevista na letra b) do citado Art.107.1

“Artículo 107 Modificaciones no previstas en la documentación que rige la licitación

Las modificaciones no previstas en los pliegos o en el anuncio de licitación solo podrán efectuarse cuando se justifique suficientemente la concurrencia de alguna de las siguientes circunstancias:

a) *Inadecuación de la prestación contratada para satisfacer las necesidades que pretenden cubrirse mediante el contrato debido a errores u omisiones padecidos en la redacción del proyecto o de las especificaciones técnicas.*

b) *Inadecuación del proyecto o de las especificaciones de la prestación por causas objetivas que determinen su falta de idoneidad, consistentes en circunstancias de tipo geológico, hídrico, arqueológico, medioambiental o similares, puestas de manifiesto con posterioridad a la adjudicación del contrato y que no fuesen previsibles con anterioridad aplicando toda la diligencia requerida de acuerdo con una buena práctica profesional en la elaboración del proyecto o en la redacción de las especificaciones técnicas.*

(...)

La modificación del contrato acordada conforme a lo previsto en este artículo no podrá alterar las condiciones esenciales de la licitación y adjudicación, y deberá limitarse a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

A los efectos de lo previsto en el apartado anterior, se entenderá que se alteran las condiciones esenciales de licitación y adjudicación del contrato en los siguientes casos:

a) *Cuando la modificación varíe sustancialmente la función y características esenciales de la prestación inicialmente contratada.*

b) *Cuando la modificación altere la relación entre la prestación contratada y el precio, tal y como esa relación quedó definida por las condiciones de la adjudicación.*

c) *Cuando para la realización de la prestación modificada fuese necesaria una habilitación profesional diferente de la exigida para el contrato inicial o unas condiciones de solvencia sustancialmente distintas.*

d) *Cuando las modificaciones del contrato igualen o excedan, en más o en menos, el 10 por ciento del precio de adjudicación del contrato; en el caso de modificaciones sucesivas, el conjunto de ellas no podrá superar este límite.*

e) *En cualesquiera otros casos en que pueda presumirse que, de haber sido conocida previamente la modificación, hubiesen concurrido al procedimiento de adjudicación otros interesados, o que los licitadores que tomaron parte en el mismo hubieran presentado ofertas sustancialmente diferentes a las formuladas.”*

Prezos.



Aos efectos de determinar o prezo que supón a modificación do seguro de Danos a Bens Mobles e Inmobles, solicitouse á compañía adxudicataria un presuposto para a modificación, na suma asegurada de contido no capital do Museo Provincial de Lugo (póliza nº 01K15941), co obxecto de incorporar as obras de arte depositadas no Museo Provincial de Lugo procedentes do Museo do Prado e do Museo Reina Sofía e valoradas no seu conxunto en 2.123.000 .-€; solicitude de informe tramitada por ARTAI, entidade mediadora de seguros e asesora da Deputación Provincial.

O día 7 de agosto de 2018, a compañía Helvetia remite presuposto de ampliación da póliza 01K15941 no que indica que o importe do suplemento para a incorporación das obras depositadas no Museo Provincial de Lugo e con fecha de efecto 16/04/2018 e o vencimento da actual póliza 31/12/2018 é de 725,33 €.

No informe emitido por ARTAI en data 8 de outubro de 2018, expón literalmente que,

“Informe suplemento póliza de daños inmuebles 01 K15 941 por inclusión de obras de arte de Museo deL Prado y Reina Sofía depositadas en Museo Provincial de Lugo. Diputación Provincial de Lugo.

El presente informe tiene por objeto el justificar la emisión de suplemento en la póliza de Daños Inmuebles que la Diputación de Lugo tiene contratada con la compañía Helvetia para incluir la cobertura de dicha póliza las obras de arte procedentes del Museo del Prado y Museo Reina Sofía y que se encuentran depositadas en el Museo Provincial de Lugo, en las mismas condiciones, garantías y límites establecidas en el pliego de contratación para este seguro.

El valor total de estas obras de arte asciende a 2.123.000 euros, la tasa establecida en los pliegos para este seguro es de 0,035% de prima neta sobre la suma asegurada, por lo que, la prima neta anual para este suplemento es de 743,05 euros, importe al que tenemos que sumar impuestos (IPS, Impuesto sobre prima de seguro y consorcio), siendo la prima total anual 1.052,69 euros.

Dado que el suplemento se ha emitido con fecha 16.04.2018, Helvetia nos pasa un recibo de prima desde tal fecha hasta vencimiento, 21-12-2018, la prima neta de este recibo es de 526,86 euros (sin impuestos ni consorcio) y la prima total 725,33 euros.

Para las sucesivas renovaciones/prórrogas de este contrato de seguro, el recibo de prima anual será de importe 35.018,42 euros (33.965,73 + 1.052,69), y la suma asegurada en póliza, 70.623.000 euros (68.500.000 + 2.123.000).

Por último, confirmamos que esta tasa del 0,035% sobre la prima neta se adecua a las circunstancias y condiciones del mercado y se corresponden con las establecidas en los pliegos de este contrato. Así mismo, este aumento de la suma asegurada en póliza, cumple con las condiciones de adjudicación de este seguro. La tasa de 0,035% es el resultado del cálculo de la prima neta establecida en póliza, 23.975,01 euros sobre 68.500.0000 euros de suma asegurada.”

Tamén se incorpora un cadro comparativo entre o contrato orixinal e o resultante do modificado, con este detalle:

	ORIGINAL	MODIFICADO	TOTAL	%INCREMENTO PREZO
PRESUPUESTO:				
I.-16.04.2018 a 31.12.2018	33.965,73.-€/ano	725,33.-€	34.691,06.-€	2,14%
II.-Importe da anualidade completa	33.965,73.-€/ano	1.052,69.-€	35.018,42 -€/ano	3,1%

Consideracións xuridicas:

En aplicación do previsto no Art. 105.2 do TRLCSP a modificación do contrato non poderá realizarse coa finalidade de adicionar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que podan cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

No informe emitido pola mediadora de seguros ARTAI de data 08 de outubro de 2018, recóllese que a ampliación do contrato adecúase as circunstancias e condicións do mercado e se corresponden as establecidas nos pregos deste contrato.

En canto ás modificacións non previstas na documentación que rexe na licitación (como é o caso que nos ocupa) solo poderá efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:



a) *Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros u omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.*

b) *Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida acorde con unha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.*

c) *Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.*

d) *Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, acorde co estado da técnica, se haxa producido con posterioridade á adxudicación do contrato.*

e) *Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, medioambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.*

Neste caso entenderase que concorre a causa prevista na letra a) do Art. 107.1

“Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas”.

e a letra b) do Art 107.1

“A inadecuación das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen á súa falta de idoneidade e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.”

En todo caso, a modificación do contrato acordado ao abeiro do Art. 107.1 do TRLCSP non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato (Art. 107.2) fixando o parágrafo terceiro os supostos en que "ex lege" se produce esa alteración das condicións esenciais da licitación.

En troques, na modificación plantexada, entendemos que:

a) Non se varían substancialmente a función e características esenciais da prestación.

b) Non se altera a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.

c) Para a prestación modificada non é necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.

d) A modificación do contrato é inferior ao 10% do prezo de adxudicación do contrato, ésta supón un incremento do 3,24% do prezo do contrato, pasando de 33.965,73.-€/ano a 34.691,06 €, sendo a fecha de efecto da modificación o día 16/04/2018 e a vencimento da actual póliza 31/012/2018. Tendo en conta a anualidade completa, a modificación suporía un incremento do 3,1% do prezo do contrato, pasando de 33.965,73.-€/ano a 35.018,42€/ano.

e) De ter sido coñecida previamente a modificación, presúmese que os interesados que tivesen concorrido ao procedemento de adxudicación, ou que os licitadores que tomaron parte neste, non tivesen presentado ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.(...).

A documentación remitida a este Servizo de Contratación e Fomento polo Servizo Xestor, a Sección de Inventario Xeral (Patrimonio), xustifica a concorrencia das circunstancias que habilitan á modificación non prevista na documentación que rexe a licitación (Art. 107.1 TRLCSP). Este servizo entende que concorren as circunstancias relacionadas nas letras A) e B) deste precepto:

a) Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.

b) Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo



xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida acorde con unha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

Non se alteran as condicións esenciais da licitación e adxudicación, tal e como se segue da información repostada por Artai, Correduría de Seguros, S.A.

A modificación do contrato é inferior ao 10% do prezo de adxudicación do contrato, supón un incremento do 3,1% do prezo do contrato, pasando de 33.965,73.-€/ano a 34.691,06€, sendo a fecha de efecto da modificación o día 16/04/2015 e a vencemento da actual póliza 31/12/2018.

A necesidade deste aseguramento complementario séguese das propias condicións fixadas polo Museo Nacional do Prado como consecuencia da cesión en depósito das obras de Arte , que constan relacionadas en documento integrado no expediente, no Museo Provincial de Lugo .

No que atinxe ao procedemento establecido no Art. 211 do TRLCSP a modificación aparece consentida polo contratista, a compañía de seguros HELVETIA, no presuposto presentado pola compañía de data 07 de agosto de 2018, de modo que se pode entender cumprido o trámite de audiencia.

A mediadora de seguros ARTAI ,en data 03 de decembro de 2018, emite informe da non siniestralidade no período 16.04.2018 ao 03.12.2018, co seguinte teor literal :

“Informe de no siniestralidad suplemento póliza de daños inmuebles 01K15941, por inclusión de obras de arte de Museo del Prado y Reina Sofía depositadas en Museo Provincial de Lugo.

(...)

CERTIFICA

En contestación a la solicitud recibida de fecha 3 de diciembre de 2018 requiriendo informe sobre la siniestralidad en relación con el contrato en el asunto indicado, informamos que

no tenemos conocimiento de la existencia de ningún daño, reclamación o circunstancia desde la fecha de emisión de dicho suplemento, 16 de abril de 2018”.

A modificación do contrato conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no Art. 99.3 do TRLCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado; o reaxuste en proporción ao novo prezo (5% do aumento de prezo) deberá efectuarse dentro do prazo de quince días, contados desde a data de notificación ao empresario do acordo de modificación.

Efectos.

Debe terse en conta que de conformidade co establecido no artigo 20 do TRLCSP, atopámonos ante un contrato privado previsto no Anexo II, Categoría 6, servizos de seguros que se rexen en canto a súa preparación e adxudicación en defecto de normas específicas, polo TRLCSP e as súas normas de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo, ou no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón de suxeito ou entidade contratante.

En canto aos efectos e extinción, estes contratos réxense polo dereito privado. Non obstante, serán de aplicación a estes contratos as normas contidas no Título V do Libro I, sobre modificación dos contratos (Artigos 105-108 do TRLCSP). Normas que se seguen neste informe e no expediente da súa razón.

A Lei 50/1980, de 8 de outubro, do contrato de seguro, en canto aos efectos deste contrato privado, establece:

“la solicitud del seguro no vinculará al solicitante. La proposición de seguro por el asegurador vinculará al proponente durante un plazo de 15 días. Por acuerdo de las partes, los efectos del seguro podrán retrotraerse al momento en que se presentó la solicitud o se formuló la proposición”.



Neste expediente os efectos serán dende a data de 16.04.2018, data na que se recibe a colección.

Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.11.d) das bases de execución do orzamento 2018,enténdese dende o servizo de contratación e fomento que se compren as esixencias dos Artigos107.1 e 3 do TRLCSP.

“Base 36, apartado 1.3.11.d) Modificación do contrato:

- No caso de modificacións previstas segundo o artigo 106 do TRLCSP, que a posibilidade de modificar o contrato

atópase prevista nos pregos ou no anuncio da licitación, e que non supera a porcentaxe do prezo do contrato ó que como máximo poden afectar. No caso de modificacións non previstas, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos nos apartados 1 e 3 do artigo 107 do TRLCSP.

- Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría.”

Organo Competente:

Tendo en conta o establecido na cláusula segunda do PCAP, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación e nos restantes actos procedimentais o órgano competente será a Presidencia, en virtude do establecido no art.59, apartado 12 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular da Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº.170 do 26 de xullo 2018.

Conclusión:

En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente a modificación contractual do seguro de Danos A Bens

Mobles e Inmobles proposta polo Servizo de Patrimonio-Sección de Inventario Xeral, para cubrir as obras depositadas no Museo Provincial de Lugo procedentes do Museo do Prado e Raíña Sofía, unha vez fiscalizado o expediente pola Intervención; xa que logo entende o que subscribe que procede que polo órgano de contratación se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación do contrato, cun aumento do prezo de adxudicación en 725,33.-€, IVE exento, para o período de 16.04.2018 ao 31.12.2018, e de 1.052,69.-€/ano, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

2º.- Adxudicar este modificado a HELVETIA CÍA. SUIZA, S.A., DE SEGUROS Y REASEGUROS, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 34.691,06.-€, tendo en conta que a modificación surtirá efectos retroactivos dende 16.04.2018, data na que se recibe a colección, con vixencia ata o 31.12.2018, sen prexuízo das posibles prórrogas que se poidan aprobar.

3º.- A empresa adxudicataria reaxustará a garantía definitiva ao 5% do importe de adxudicación, unha vez modificado o contrato, no prazo de 15 días dende a notificación do presente acordo.

4º.- Formalizar dita modificación en documento administrativo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL AO COLEXIO OFICIAL DE GRADUADOS SOCIAIS DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:



“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder o Ilustre Colegio oficial de Graduados Sociales de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación do "Servizo de Asesoramento e Información socio- laboral ”, polo importe de 30,000€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

No presente caso, trátase dunha actividade cuxa finalidade está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2017, en concreto, encádrase nas subvencións directas excepcionais Liña 3.1 que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, xestionada actualmente dende a Sección de Promoción Económica e Emprego da Área Promoción Económica e Social, do vixente Plan Estratéxico de Subvención da Deputación de Lugo, xa que na mesma se

recolle como obxectivos específicos o Fomento do emprego de calidade mediante a mellora das condicións de empregabilidade en aras da dignificación profesional e á redución da temporalidade e da taxa de desemprego no mercado de traballo da provincia, dignificación de profesións desvirtuadas, xeración de emprego estable no territorio, afincamento da poboación nos territorios, integración de colectivos desempregados con especiais dificultades de inserción laboral .

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59(b).18 do regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 056 de data 10 de marzo de 2011), e no establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2018, que aínda que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 18.000,00 € de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais superiores, debe estarse ao establecido na nova Lei de Contratos do Sector Público que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, polo que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe individual sexa igual ou superior a 15.000,00 €.

O obxecto que se persegue con esta subvención é a de prestar un servizo de asesoramento e información gratuito, en temas como xubilacións, prestacións da Seguridade Social, despedidos... a aqueles cidadáns con escasos recursos o que mellorara o seu benestar e a súa incorporación socio-laboral.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa excepcional, por importe de 30.000 €, a favor do Ilustre Colegio Oficial de Graduados Sociais de Lugo para sufragar gastos derivados da actuación do "Servizo de Asesoramento e Información socio-laboral", subvención incluída nas actuacións da Liña 3.1 que leva por título "Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, do Plan Estratégico de Subvencións vixente desta Deputación Provincial.



2º.- Aprobar o gasto de 30.000 € con cargo ao vixente orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor do Ilustre Colegio Oficial de Graduados Sociales de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación do "Servizo de Asesoramento e Información socio-laboral " no ano 2018.

3º.- Aprobar o convenio canalizador no cal se instrumenta a citada subvención".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL Á ASOCIACIÓN SECTORIAL FORESTAL GALEGA – ASEFOGA.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asoc. Sectorial Forestal Galega -ASEFOGA , co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación do "Curso de Formación Básica de Capacitación para Traballadores Forestais ”, polo importe de 24.006,5 € constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.1 que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo” das recollidas, na Área de Promoción Económica e Social do Plan Estratéxico de Subvencións para o ano 2017- 2019, cuxa actualización para o presente ano 2018 foi aprobada por acordo de Xunta de Goberno o 16 de marzo de 2018, xa que na mesma se recolle o obxectivo de incrementar a cota de accións destinadas a mellorar a cualificación e a capacidade dos traballadores a adecuación aos novos empregos que xorden dos nichos de mercado en sectores emerxentes e dignificar as profesións desvirtuadas.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59(b).18 do regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 056 de data 10 de marzo de 2011), e no establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2018, que aínda que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 18.000,00 € de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais superiores, debe estarse ao establecido na nova Lei de Contratos do Sector Público que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, polo que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe individual sexa igual ou superior a 15.000,00 €.

O obxecto que se persegue con esta subvención é a de mellorar a cualificación e a capacidade dos traballadores a adecuación aos novos empregos que xorden dos nichos de mercado



en sectores emerxentes, durante o ano 2018, a través de Asoc. Sectorial Forestal Galega - ASEFOGA, colaborando co proxecto “Curso de Formación Básica de Capacitación para Traballadores Forestais”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 24.006,5 €, a favor da entidade Asoc. Sectorial Forestal Galega - ASEFOGA para sufragar gastos derivados da actuación “Curso de Formación Básica de Capacitación para Traballadores Forestais”, subvención incluída na liña 3.1 que leva por título Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo da Área de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, cuxa actualización para o presente ano 2018 foi aprobada por acordo de Xunta de Goberno o 16 de marzo de 2018.

2º.- Aprobar o gasto de 24.006,5 €, con cargo ao vixente orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da entidade Asoc. Sectorial Forestal Galega -ASEFOGA, para sufragar gastos derivados da actuación “Curso de Formación Básica de Capacitación para Traballadores Forestais”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL Á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DA 1ª TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder a Asociación Provincial de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo , co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación do "Programa de formación e inserción de traballadores desempregados en empresas da 1ª transformación da madeira”, polo importe de 40.554€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2018.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

No presente caso, trátase dunha actividade cuxa finalidade está recollida no Plan Estratégico de Subvencións da Deputación 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2017, en concreto, encádrase nas subvencións directas excepcionais Liña 3.1 que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, xestionada



actualmente dende a Sección de Promoción Económica e Emprego da Área Promoción Económica e Social, do vixente Plan Estratéxico de Subvención da Deputación de Lugo, xa que na mesma se recolle como obxectivos específicos o Fomento do emprego de calidade mediante a mellora das condicións de empregabilidade en aras da dignificación profesional e á redución da temporalidade e da taxa de desemprego no mercado de traballo da provincia, dignificación de profesións desvirtuadas, xeración de emprego estable no territorio, afincamento da poboación nos territorios, integración de colectivos desempregados con especiais dificultades de inserción laboral .

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59(b).18 do regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 056 de data 10 de marzo de 2011), e no establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2018, que aínda que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 18.000,00 € de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais superiores, debe estarse ao establecido na nova Lei de Contratos do Sector Público que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, polo que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe individual sexa igual ou superior a 15.000,00 €.

O obxecto que se persegue con esta subvención é a de mellorar a cualificación e a capacidade dos traballadores a adecuación aos novos empregos que xorden dos nichos de mercado en sectores emerxentes, a través de Asociación Provincial de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo, colaborando co proxecto “Programa de formación e inserción de traballadores desempregados en empresas da 1ª transformación da madeira”.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa excepcional, por importe de 40.554 €, a favor da Asociación Provincial de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo para sufragar gastos derivados da actuación do " Programa de formación e inserción de traballadores desempregados en empresas da 1ª transformación da madeira”

subvención incluída nas actuacións da Liña 3.1 que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente desta Deputación Provincial.

2º.- Aprobar o gasto de 40.554 € con cargo ao vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor do Asociación Provincial de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación do "Programa de formación e inserción de traballadores desempregados en empresas da 1ª transformación da madeira” no ano 2018.

3º.- Aprobar o convenio canalizador no cal se instrumenta a citada subvención”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excm. Deputación Provincial e o concello de Viveiro, coa finalidade común de colaborar en:*

Liña 1: Obras de conservación e mantemento da oficina de turismo, reposición de pavimentos e servizos na rúa Benito Galcerán e reposición de rede de abastecemento de auga na marxe esquerda na rúa San Roque.

Liña 2: Actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Os Maios; romerías estivais: San Xoán, San Pantaleón, O Carme, Santiago, San Roque e Nosa Señora; romaría do Naseiro; rapa das bestas de Candaoso; festas patronais; promoción do deporte e actividades turísticas).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo entre esta Deputación Provincial e o Concello de Viveiro, coa finalidade común de colaborar en Liña 1: Obras de conservación e mantemento da oficina de turismo, reposición de pavimentos e servizos na rúa Benito Galcerán e reposición de rede de abastecemento de auga na marxe esquerda na rúa San Roque. Liña 2: Actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Os Maios; romerías estivais: San Xoán, San Pantaleón, O Carme, Santiago, San Roque e Nosa Señora; romaría do Naseiro; rapa das bestas de Candaoso; festas patronais; promoción do deporte e actividades turísticas), que dispón o seguinte:

“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de Viveiro, coa finalidade común de colaborar en Liña 1: Obras de conservación e mantemento da oficina de turismo, reposición de pavimentos e servizos na rúa Benito Galcerán e reposición de rede de abastecemento de auga na marxe esquerda na rúa San Roque. Liña 2: Actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Os Maios; romerías estivais: San Xoán, San Pantaleón, O Carme, Santiago, San Roque e Nosa Señora; romaría do Naseiro; rapa das bestas de Candaoso; festas patronais; promoción do deporte e actividades turísticas), que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito: Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Viveiro.

D. María Loureiro García, Alcaldesa do Concello de Viveiro achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público) de data 14 de novembro de 2018, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo, memoria das actividades e memorias dos investimentos para a realización conxunta polo Concello de Viveiro e a Deputación de Lugo, das actuacións de:

Liña 1: Obras de conservación e mantemento da oficina de turismo, reposición de pavimentos e servizos na rúa Benito Galcerán e reposición de rede de abastecemento de auga na marxe esquerda na rúa San Roque.

Liña 2: Actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Os Maios; romerías estivais: San Xoán, San Pantaleón, O Carme, Santiago, San Roque e Nosa Señora; romaría do Naseiro; rapa das bestas de Candaoso; festas patronais; promoción do deporte e actividades turísticas).

No conxunto de actuacións e actividades relacionadas conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con cada un dos investimentos e actividades que se articulan neste convenio.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Viveiro e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de Liña 1: Obras de conservación e mantemento da oficina de turismo, reposición de pavimentos e servizos na rúa Benito Galcerán e reposición de rede de abastecemento de auga na marxe esquerda na rúa San Roque. Liña 2: Actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Os Maios; romerías estivais: San Xoán, San Pantaleón, O Carme, Santiago, San Roque e Nosa Señora; romaría do Naseiro; rapa das bestas de Candaoso; festas patronais; promoción do deporte e actividades turísticas). Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
OBRAS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA OFICINA DE TURISMO	20.430,31€	0,00€
REPOSICIÓN DE PAVIMENTOS E SERFVIZOS NA RÚA BENITO GALCERÁN	43.359,78€	0,00€
REPOSICIÓN DE REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA MARXE ESQUERDA NA RÚA SAN ROQUE.	7.746,76€	0,00€
SUB-TOTAL (1)	71.536,85€	



ACTIVIDADE: (LIÑA 2)	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ACTIVIDADES CULTURAIAS, FESTIVAS, DEPORTIVAS E TURÍSTICAS (OS MAIOS; ROMERIAS ESTIVAIS: SAN XOAN, SAN PANTALEÓN, O CARME, SANTIAGO, SAN ROQUE E NOSA SEÑORA; ROMARÍA DO NASEIRO; RAPA DAS BESTAS DE CANDAOSO; FESTAS PATRONAIS; PROMOCIÓN DO DEPORTE E ACTIVIDADES TURÍSTICAS	78.463,15€	20.000,00€
SUB-TOTAL (2)	78.463,15€	20.000,00€
TOTAL (LIÑA 1 + LIÑA 2)	150.000,00€	20.000,00€
TOTAL	170.000,00€	

O concello de Viveiro achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, mantela e dar o servizo á veciñanza que proceda, segundo a natureza e destino de cada unha delas.

O concello de Viveiro asume o compromiso de tramitar cantos permisos e autorizacións sexan precisos para o desenvolvemento das actividades incluídas na liña 2, incluída a organización das actividades festivas, culturais, deportivas e turísticas e as responsabilidades derivadas ou consecuentes.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”
(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”



En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

- a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
 - b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
 - c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
 - d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
 - e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
 - f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
 - g) Réxime de modificación do convenio.
 - h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
 - a. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
 - b. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
- (...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas,

deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualdo legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)



6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do estado prestación ao estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Viveiro é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...).

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “ a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”

No ámbito cultural deben tomarse como referencia en canto as competencias das Corporacións Locais, no ámbito material do patrimonio cultural , á lexislación autonómica sectorial: Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, cuxo artigo 1 determina o seu obxecto e definición “1. Esta lei ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento,



difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia ... 2. O patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropológico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. Así mesmo, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorran algún dos valores enumerados no parágrafo anterior e que se atopen en Galicia, con independencia do lugar no que se crearon. 3 (...)” e no seu artigo 2 que sinala as competencias e políticas sectoriais “(...) As distintas administracións públicas cooperarán para que as competencias respectivas se exerzan conforme ao establecido nesta Lei, (...)”; e o artigo 3 referente á colaboración interadministrativa “(...); 2. As entidades que integran a administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de: a) protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural; (...)”.

No ámbito turístico cabe acudir a lexislación sectorial nesa materia, concretamente a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, que no seu artigo 5 establece as competencias municipais: “corresponden ao concellos, se prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións: a) A protección e promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal.

A Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que,

estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Viveiro segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade do Concello de Viveiro tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio concello a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Viveiro, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (LIÑA 1 + LIÑA 2)	CONCELLO DE VIVEIRO
2018	150.000,00€	20.000,00€

Concello de Viveiro: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe, e no cadro precedente.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficos rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro de orzamento e financiamento con cargo a anualidade de 2018.

O concello de Viveiro será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o



Reglamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre esta Deputación Provincial e o concello de Viveiro coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Liña 1: Obras de conservación e mantemento da oficina de turismo, reposición de pavimentos e servizos na rúa Benito Galcerán e reposición de rede de abastecemento de auga na marxe esquerda na rúa San Roque. Liña 2: Actividades culturais, festivas, deportivas e turísticas (Os Maios; romerías estivais: San Xoán, San Pantaleón, O Carme, Santiago, San Roque e Nosa Señora; romaría do Naseiro; rapa das bestas de Candaoso; festas patronais; promoción do deporte e actividades turísticas), cun orzamento total de 170.000,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos investimentos e actividades contempladas no convenio, que ascende á contía

máxima de 150.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2018”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

SEGUNDO.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada por esta Excm. Deputación Provincial á Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA), para sufragar os gastos derivados da execución da actividade “Promoción e difusión da raza rubia galega:50 aniversario de ACRUGA” na anualidade 2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega (ACRUGA), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actividade “Promoción e difusión da raza rubia galega: 50 aniversario de ACRUGA”, polo importe de 178.900,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.
2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.
3. Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018.
4. Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.



6. Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

7. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 6 – Agricultura, gandeiría e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2018 foi aprobada polo mesmo órgano o 16 de marzo de 2018; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de acadar o desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro como sectores estratéxicos da economía da provincia e xeradores de oportunidades de emprego, e que redunde na fixación de poboación nas zonas rurais.

O obxectivo ou finalidade que se persegue con esta subvención é a promoción e defensa do sector gandeiro, considerado estratéxico para a economía da provincia de Lugo, así como a recuperación, potenciación e conservación de raza rubia galega.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 178.900,00 € a favor da entidade Asociación nacional de criadores de ganado vacuno selecto de raza rubia gallega (ACRUGA), para sufragar os gastos derivados da actividade “Promoción e difusión da raza rubia galega: 50 aniversario de ACRUGA”, subvención incluída na Liña 6 – Agricultura, gandeiría e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 178.900,00€ con cargo ao orzamento desta Deputación Provincial para o ano 2018, a favor da Asociación nacional de criadores de ganado vacuno selecto de raza rubia gallega (ACRUGA), para sufragar gastos derivados da actividade “Promoción e difusión da raza rubia galega: 50 aniversario de ACRUGA”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

TERCEIRO.- *Proposta de aprobación relativa á addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Excm. Deputación Provincial e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na “Construción do centro de atención a persoas maiores no municipio”, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 29 de xuño de 2018.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, no que literalmente se establece:

“Antecedentes de feito:

Con data 29 de xuño de 2018, aprobouse pola Xunta de Goberno o texto do convenio o interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, mediante a rehabilitación da “casa da Botica”, cun orzamento total de 1.200.000,00€; a achega desta Entidade provincial ascende a contía 1.000.000,00 € e 200.000,00 € polo concello de Guitiriz.

Nesa mesma sesión e acordo tamén se aprobou o gasto para o financiamento (por parte da Deputación Provincial) dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascendía á contía



máxima de 1.000.000,00 €, correspondendo á anualidade 2018 o importe de 300.000,00€ e a anualidade 2019 o importe 700.000,00€.

O importe que asume o concello de Guitiriz na anualidade 2019, ascende a 200.000,00€.

A Deputación asumía no dito convenio, asinado o 3 de agosto de 2018, o compromiso de redactar e aportar o proxecto técnico para a contratación do centro residencial.

Consta neste servizo proxecto de execución modificado de residencia de persoas da terceira idade (Guitiriz) para dedicala a centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, asinado polo arquitecto D. Luís Asorey Daviña, por un presuposto base de licitación 1.662.430,00 €, polo que será necesario incrementar o financiamento do convenio para dar cumprimento aos seus fins, e vista o prazo de execución plantexado no proxecto (12 meses), tamén é necesario aumentar a vixencia do convenio.

Consta incorporado ao expediente, informe de supervisión do proxecto favorable, subscrito polo xefe de servizo de control de proxectos e informe de sobre prezos do proxecto.

Consta informe da Intervención de data 4 de decembro de 2018, no que recolle que o crédito dispoñible na aplicación 2315.65009 (A-22018/17430), quedan dispoñibles 285.418,79€ (xa constan imputados a este aplicación 14.520,00 € de gastos de redacción de proxecto e 61,21 € de taxas da Xunta de Galicia de autorizacións administrativas). É necesario, para afrontar o custe do proxecto e a execución dos fins deste convenio incrementar esta dotación na medida dos gastos imputados.

Incorpórase informe da xefatura da sección de Benestar Social e Igualdade de data 5 de decembro de 2018.

A cláusula primeira do convenio, sobre o obxecto contempla as respectivas achegas das partes, que debe de ser modificada en función do presuposto base de licitación do “proxecto identificado como proxecto básico e de execución modificado de residencia para persoas da terceira idade”.

A cláusula 4ª o réxime económico coas aportacións anuais.

A cláusula 6ª, a duración do convenio interadministrativo

O citado convenio contempla:

Por unha banda, na cláusula sétima, a posibilidade da súa modificación, co seguinte tenor:

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Resulta necesario adaptar o convenio as novas necesidades de financiamento e a duración prevista, dado o prazo de execución das obras, de 12 meses, sinalado no proxecto técnico.

Xa que nos atopamos no mes de decembro de 2018, atendendo ás tramitacións administrativas necesarias para a licitación, adxudicación, comprobación do replanteo, resulta que a execución -no prazo previsto no proxecto- pode estenderse ao ano 2020.

Así as cousas, cabe entender oportuno incorporar crédito ao ano 2020, atemperado o financiamento ao prazo de execución previsible das obras, si ben sempre será posible o reaxuste de anualidades nos termos do artigo 96 do RD 1098/2001, de 12 de outubro.

Deste xeito, as cláusulas referenciadas, quedan redactadas da seguinte maneira:

“Primeira.- Obxecto



Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre o Concello de Guitiriz e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias, para acadar fins comúns mediante da construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, rehabilitando un edificio de titularidade municipal denominado “Casa da Botica”.

Para alcanzar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizar o seguinte investimento e actividade:

INVESTIMENTO	ACHEGA FINANCEIRA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA FINANCIERA DO CONCELLO GUITIRIZ
1.-CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO MUNICIPIO DE GUITIRIZ, MEDIANTE A REHABILITACIÓN DUNHA EDIFICACIÓN DE TITULARIDADE MUNICIPAL DENOMINADA “CASA DA BOTICA”	1.462.430.00 €	200.000,00 €
2.- CUSTES REDACCIÓN PROXECTO MODIFICADO E TAXAS ADMINISTRATIVAS (14.520,00 + 61,21 RESPECTIVAMENTE)	14.581,21 €	
TOTAL	1.477.011.21 €	200.000,00€
TOTAL CONVENIO		1.677.011,21 €

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para ese fin común, prestándose mutuamente a colaboración requirida.

(...)

Réxime económico.

Achega financeira da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 1.477.011,21 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio de acordo coas actuacións que figuran na cláusula primeira, con cargo ao orzamento xeral da Deputación de Lugo das anualidade 2018, 2019 e 2020, na modalidade de gasto plurianual, supeditándose a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento

do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2018: 300.000,00€.

Ano 2019: 700.000,00€.

Ano 2020: 477.011,21€.

Achega do Concello:

O Concello de Guitiriz aportará 200.000,00 €, para a construción do centro de atención a persoas maiores do municipio de Guitiriz, conforme ao seguinte desglose:

Ano 2019: 200.000,00 €

O importe a financiar polo concello de Guitiriz, será ingresado na conta da Deputación de conformidade cos seguintes ítems:

a) A aportación farase efectiva contra certificación de obra.

b) O concello de Guitiriz deberá remitir á Deputación Provincial os acordos adoptados de financiamento mediante certificado de retención de crédito cando proceda e, en todo caso, os compromisos de entrega de fondos en cumprimento deste convenio.

No caso de impago da cantidade a financiar polo concello de Guitiriz, a Deputación poderá obter o ingreso do nominal da cantidade non desembolsada polo procedemento administrativo, con arranxo ás normas que para a recadación de fondos provinciais establece a lexislación de Réxime local e a que, por remisión desta, rexe para a exacción de ingresos de dereito público.

Porén o anterior, a Deputación poderá seguir vía ordinaria para reclamar o pagamento da cantidade co concello chegase a deber a esta Deputación, autorizando á Deputación para que



realice a compensación da cantidade vencida e non pagada mediante retención das entregas a conta que teña que ingresar a Deputación ao Concello. Ditas retencións practicaranse logo da tramitación do correspondente expediente contraditorio.

Poñer a disposición da Deputación provincial, as parcelas libre de cargas e gravames con licenzas urbanísticas e permisos sectoriais necesarios para a construción do equipamento residencial. O Concello comprométese a adoptar os acordos e desenvolver os trámites xurídico-administrativos necesarios para a posta a disposición da Deputación de dito inmovible, consonte coa lexislación e instrumentos de xestión patrimonial, configurada como unha técnica de cooperación, a fin de que a Deputación constrúa o equipamento residencial.

Baixas na licitación:

En caso de producirse baixas na licitación, a Deputación Provincial, aplicará os remanentes, por este orde aos seguintes gastos e necesidades:

Aos custes das direccións facultativas que se precisen para a execución das obras, de ser xustificadamente externalizadas. No caso de non producirse baixas as direccións facultativas nas respectivas licitacións deberán ser asumidas polo persoal do ente provincial.

Ao pagamento de tributos que se liquiden polas licencias ou títulos habilitantes que outorgue o Concello para a construción e ocupación do centro de atención a persoas maiores.

A equipar, co mobiliario esixido na normativa aplicable, dito centro.

Titularidade dos resultados da cooperación:

Os resultados da cooperación serán compartidos, nos seguintes termos:

Rematada a construción do centro de atención a persoas maiores de Guitiriz, efectuarase a recepción das obras polo órgano de contratación conforme a lexislación contractual. A este trámite será convidada a representación do Concello de Guitiriz.

Unha vez finalizadas as obras e antes do inicio de actividade efectuaranse as operacións patrimoniais que procedan, de conformidade coa lexislación patrimonial, a efectos de inventario da Deputación ou do Concello, segundo se acorde en instrumento específico, habilitando a prestación do servizo que lle compre a edificación.

A Deputación, como órgano de contratación, facilitará a documentación e antecedentes de que dispoña, a efectos de incorporar ao inventario que se determine, e para efectuar as operacións rexistras procedentes.

(...)

Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prorroga expresa antes da finalización do prazo, o 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Consideracións

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a ambas entidades locais, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-



administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido: colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia. Este sistema cooperativo vese confirmado polo artigo 31 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en tanto que regula a potestade de autoorganización e os sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, articula, neste caso a través de un convenio guiado por consideracións de interese público. Neste sentido, o parágrafo segundo deste artigo 31 contempla a posibilidade de que as entidades pertencentes ao sector público poidan acadar a realización conxunta de contratacións específicas (...).

Esta acción pública colaborativa enmarcase nas relacións de cooperación interadministrativa con fundamento no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. A cooperación organizada a través do convenio que se modifica, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

En canto ao papel de cooperación da Deputación respecto dos concellos atopa fundamento singular no art. 36 da LBRL e mesmo o 30 do RDL 781/86, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

En canto os títulos competenciais en materia de servizos sociais, ademais dos xenéricos da Lei de bases de réxime local e da Lei de administración local de Galicia, compre citar a lexislación sectorial autonómica, Lei de servizos sociais de Galicia, cuxo art. 64 bis introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, do Parlamento de Galicia, de medidas fiscais e administrativas, referente á promoción da colaboración interadministrativa para a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais, a través da formalización de convenios administrativos de colaboración entre a administración autonómica(...) e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

E encanto os títulos competencias da Deputación Provincial a nivel da LSSG, 13/2008, cuxo artigo 63 en relación coa cooperación e colaboración administrativa, establece que as Deputacións Provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Resultan plenamente aplicables os fundamentos competenciais reflectidos no informe deste servizo de data 28 de xuño de 2018, emitido a efectos da súa aprobación.

Na cláusula sexta do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concellos de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, mediante a rehabilitación da “casa da Botica”, aprobado pola Xunta de Goberno de data 29 de xuño de 2018, establécese a vixencia do mesmo ata o 31 de decembro de 2019. A cláusula quinta do mesmo dispón : “(...)“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese



común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”; con estas determinacións, a modificación pretendida do convenio podería levarse a cabo cumpríndose coa regulación legal establecida ao respecto, e as propias estipulacións conveniadas, salientando que non xera maiores obrigas económicas que o convenio modificado.

O art. 49 letra g) da Lei 40/2015, do 1 outubro, LRXP, precisa que réxime da modificación se pode incorporar o contido do convenio, tal e como sucede ca antedita cláusula.

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído da lexislación de contratos en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en relación co artigo 31 da LCSP, sobre potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD), en aplicación do regulamento orgánico publicado no BOP do 10 de marzo de 2011 e de conformidade coa circular de Secretaría Xeral de data 2 de novembro de 2018.

En consecuencia, infórmase favorablemente a proposta de modificación do Convenio a medio de addenda, onde se faga constar a modificación identificada no presente informe, dadas as razóns de interese xeral expostas, necesario para alcanzar os fins e obxectivos perseguidos co aquel sistema de cooperación (acción colaborativa).

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Este informe substitúe ao asinado en data 4 de decembro de 2018.”.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Modificar a cláusula primeira, cuarta e sexta do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de Guitiriz, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía complementaria de 477.011,21€ para a anualidade 2020(que sumados ao importe anteriormente consignado de 1.200.000,00 € da un total de 1.677.011,21 €). A Deputación adquire este compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira de incluír no orzamento da anualidade 2020 a cantidade de 477.011,21€”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, do seguinte teor:

“Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informe emitido polo director técnico da obra e polos servizos técnicos desta Excma.



Deputación Provincial; o Deputado Delegado que subscribe propón á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ao director técnico e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

Obra: Pavimentación de senda peatonal en la LU-P-1602 “De San Cristobal, por Adai, a la LU-106”, P.K. 0,000 al 0,130. Ayuntamiento de O Corgo.

Contratista: Construcciones Leonardo Miguelez, S.L.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE CONCESIÓN, SE PROCEDE, DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, do seguinte teor:

“Tendo en conta que, pola Xunta de Goberno de data, venres 1 de xuño de 2018, se lles prestou aprobación ás bases da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2018.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada o día 1 de xuño de 2018 se publicou no Boletín Oficial da Provincia núm. 131 do sábado 9 de xuño de 2018.

Tendo en conta que de conformidade co punto sexto das Bases do procedemento de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo,

“... constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución”.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes de bolsas incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar no procedemento.

Tendo en conta que os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse as listaxes na que se inclúen os solicitantes propostos, así como as solicitudes desestimadas por incumpriren os requisitos establecidos nas bases, por non acadaren a puntuación suficiente para obter bolsa, e no seu caso, que presentaron desistencia e que van rubricadas para o efecto.

Tendo en conta que, con data 30 de novembro de 2018 se constituíu a Comisión de Avaliación establecida nas Bases, que acorda formular informe de avaliación para a concesión de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2018.

A vista da avaliación e informe da Comisión de Avaliación.

Visto o informe do Servizo de Deportes.

Visto o informe de Intervención.

Por todo o exposto,



O Sr. Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Valoración:

Conceder as bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2018, que se reflicten nas listaxes, e aprobar a desestimación das solicitudes que así mesmo se reflicten nas listaxes que figuran no expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DA RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NA PROPOSTA DE ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 14 DE SETEMBRO DE 2018 VINCULADA A UNHA CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO TEXTO DE TIPO DE ACCIÓN NA LISTAXE DA PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico, Artesanía e Deseño e Educación, do seguinte teor:

“Resultando que se produciu erro material no texto de tipo de acción na listaxe de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro, da provincia de Lugo para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2017, en concreto no cadro relativo á tipoloxía da actividade a desenvolver por parte de dúas das asociacións beneficiarias, reflectida no informe de servizo e na respectiva proposta de concesión, aprobada por acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 29 de decembro de 2017, cuxo extracto da convocatoria se publicou no BOP nº 184 de data 11 de agosto de 2017.

Resultando que a corrección mencionada foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 14 de setembro de 2018 e unha vez que o Centrad recibiu a certificación do devandito acordo detectouse un erro material referido á data da celebración da sesión da Xunta de Goberno pola cal se aproba a concesión de subvencións en réxime de

concorrenza competitiva destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro da provincia de Lugo para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2017.

Resultando que o erro detectado no afecta nin á valoración individual nin global dos proxectos presentados, nin en consecuencia aos importes concedidos.

Resultando que o referido erro material consistiu na transcripción errónea da data da celebración da sesión ordinaria da Xunta de Goberno pola cal se aprobou a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva dirixida a entidade asociativas e asociacións sen ánimo de lucro da Provincia de Lugo para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2017, sendo a data correcta o 15 de decembro de 2017 e non o 29 de decembro de 2017, tal como se pode comprobar ó consultar a correspondente acta.

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Corrixir o erro sinalado no seguinte sentido:

Onde di:

“ Proposta de corrección de erro material no texto de tipo de acción na listaxe da proposta de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro da provincia de Lugo, para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2017, aprobada por Xunta de Goberno en sesión celebrada o 29 de decembro de 2017”.

Debe dicir:

“ Proposta de corrección de erro material no texto de tipo de acción na listaxe da proposta de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro da provincia de Lugo, para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2017, aprobada por Xunta de Goberno en sesión celebrada o 15 de decembro de 2017”.



2º.- Publicar a corrección de erro no BOP”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptouse o seguinte acordo:

Proposta de acordo ao obxecto de aprobar a convocatoria e bases específicas para a selección de persoal ao obxecto da formalización de contratos laborais temporais “en prácticas” de un Técnico Superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“Á vista da solicitude formulada pola Xefa de Servizo de Cultura e Turismo xunto co Deputado Delegado de Turismo e Cultura, na que se xustifican as circunstancias e necesidades de un efectivo.

Apreciando as dificultades que atopan os novos graduados/as e licenciados/as para introducirse profesionalmente no mercado laboral, como consecuencia da actual situación económica, púxose en marcha, dentro das políticas de emprego que está a desenvolver a Deputación Provincial, o Programa de Primeira Oportunidade aprobado en Xunta de Goberno do 28 de agosto de 2018, creado cunha dobre finalidade, por unha banda proporcionar ás persoas

seleccionadas práctica profesional da titulación correspondente, a través da contratación baixo a modalidade “en prácticas” e por outra atender as necesidades reiteradas de persoal nos servizos que o demandan.

Á vista do acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión celebrada o 28 de agosto de 2018, onde se aproba o Programa de Primeira Oportunidade, e onde se establece que “(...) o obxectivo deste programa é a contratación mediante un contrato en prácticas, formalizado antes do 31 de decembro de 2018 (...)”, considerando que é necesario non alterar os prazos de cumprimento das contratacións en prácticas referidas no acordo, é urxente decidir polo órgano competente aprobar as bases específicas e a convocatoria para a selección de persoal ao obxecto da formalización de contrato laboral temporal “en prácticas” de un Técnico Superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas, sendo esta unha das titulacións que se ofertan no Anexo I do acordo adoptado.

Á vista do contido do informe do Servizo de Recursos Humanos, fórmulase a seguinte proposta de acordo:

Obxecto da convocatoria:

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar, con carácter provisional, o proceso selectivo para acceder ao emprego mediante a formalización de contrato laboral temporal, baixo a modalidade “en prácticas”.

Características do emprego obxecto da convocatoria:

DENOMINACIÓN DO EMPREGO	TÍTULO ACADÉMICO	Nº EMPREGOS
TÉCNICO SUPERIOR EN GUÍA, INFORMACIÓN E ASISTENCIAS TURÍSTICAS	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO SUPERIOR EN GUÍA, INFORMACIÓN E ASISTENCIAS TURÍSTICAS	1

Motivación:



A presente convocatoria xustifícase pola:

a) Vontade da Deputación Provincial de Lugo a través do Programa de Primeira Oportunidade de vincular e colaborar coas finalidades formativas e de inserción profesional no mercado laboral dos/as traballadores/as que posúen titulacións académicas e carezan das experiencias no ámbito funcional daquelas.

b) Necesidade, urxencia e inaprazabilidade da incorporación de efectivos co obxectivo de mellorar a eficacia e eficiencia do funcionamento da Unidade administrativa anteriormente indicada, que precisa un efectivo coa titulación académica que se determina e que así o motiva na súa solicitude de persoal, dado que a entidade carece dos suficientes.

3.- Normativa de aplicación.

Visto o disposto pola normativa de aplicación:

a) Para atender á necesidade solicitada derivada da existencia dun déficit de persoal polos motivos anteriormente mencionados deberase acudir á modalidade de contrato en prácticas, regulado no artigo 11.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, que indica:

O contrato de traballo en prácticas poderá concertarse con quen estivera en posesión do título universitario ou de formación profesional de grao medio ou superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, ou de certificado de profesionalidade de acordo co previsto na Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, que habiliten para o exercicio profesional, dentro dos cinco anos, ou de sete anos cando o contrato se concerte cun traballador con discapacidade, seguinte á terminación dos correspondentes estudos, (...)”.

b) Real Decreto 488/1998, de 27 de marzo, polo que se desenvolve o artigo 11 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos formativos.

c) Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

d) Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que *“todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”*.

e) Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a. *Publicidade das convocatorias e das súas bases.*
- b. *Transparencia.*
- c. *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d. *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e. *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f. *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección”*.

f) Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que *“os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”*.

Artigo 35 do Real Decreto 364/1995, de 10 marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, sobre a contratación de persoal non permanente.



listaxes de aspirantes que participaron en procesos selectivos.

Nesta Entidade non existiu nin existen “Listaxes de aspirantes a formalizar contratos en prácticas”, desta tipoloxía de contidos funcionais e profesionais, ao obxecto de poder cubrir provisionalmente os empregos que se convocan.

Efectivo a incorporar para cubrir provisionalmente o emprego convocado mediante a formalización de contrato laboral temporal “en prácticas”.

Tendo en conta o antedito, resulta necesario convocar os correspondentes procesos selectivos para prestar servizos como “Técnico Superior En Guía, Información E Asistencias Turísticas” (1 efectivo), regulándose o correspondente contrato laboral polo artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

Proposta de acordo.

Considerando suficientemente xustificado o sinalado no apartado b) coa petición de persoal presentada pola unidade administrativa anteriormente referida e á vista de que se informa da existencia de consignación orzamentaria suficiente.

Considerando que se compren as esixencias da normativa vixente, en particular o referido ao artigo 19.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, proponse á Xunta de Goberno que, en uso das facultades que lle confire, por delegación da Presidencia, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de Lugo número 56, do 10 de marzo de 2011, adopte o seguinte,

Acordo:

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerá o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso, para a cobertura provisional con persoal laboral temporal, vinculado a esta Entidade mediante contrato laboral “en prácticas” regulado no artigo 11 Real Decreto Lexislativo

2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, do seguinte emprego:

DENOMINACIÓN DO EMPREGO	TÍTULO ACADÉMICO	Nº EMPREGOS
TÉCNICO SUPERIOR EN GUÍA, INFORMACIÓN E ASISTENCIAS TURÍSTICAS	GRAO SUPERIOR FP: TÉCNICO SUPERIOR EN GUÍA, INFORMACIÓN E ASISTENCIAS TURÍSTICAS	1

Con respecto ás Bases Xerais que rexerá este procedemento selectivo, estarase ás aprobadas pola Xunta de Goberno, na súa sesión do día 16 de novembro de 2018 polas que se establecen as normas para a selección de persoal laboral temporal baixo a modalidade de “contrato en prácticas” ao obxecto de prestar servizos á Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), que se publicaron no BOP nº 269, do venres 23 de novembro de 2018.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo ao obxecto de cubrir, con carácter provisional mediante contrato laboral temporal “en prácticas”, o devandito emprego”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presenta e anteriormente transcrita.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.